Montevideo, nadal 22 do 1,965

Siñor Don:
Luís Tobío
M A D R I D

Ben querido Tobío:

- No seu tempo recibín o editorial pra "Sempre en Galicia".- Non chegóu pro dia do aniversario, pero igoal o pasamos.- Naquel día fixen un redordatorio da pirmeira audición, e pasamos anacos grabados naquel intre coa voz de Somoza, Pita e a sua, como reconocemento e recordo pros pioneiros que por distintas causas non-os acompañaron naquela emotiva xornada.- Saiu ben e gustóu.-

Supoño que terá recibido os libros editados por "Casa de Galicia", e que se lle mandaron xa fai tempo .-

Canabal voltóu fai oito días e díxome que tivo o gosto de saudalo en Santiago.-

Ren máis, saudos pra sua dona e fillos, a quenes, con voste, desexolles moitas felicidades e venturanzas no ano que axiña nacerá.-

Unha aperta do seu amigo,

Meilán